

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Bolsas de emprego

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL QUE FORMARÁ PARTE DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE MESTRAS E MESTRES COMPOSTEIROS EN PRÁCTICAS CON DESTINO AO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL QUE FORMARÁ PARTE DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE MESTRAS E MESTRES COMPOSTEIROS EN PRÁCTICAS CON DESTINO AO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Resolución presidencial

O deputado, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de Persoal, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

De conformidade co establecido no artigo 34.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, así como a Lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), RESOLVO aprobar a convocatoria dunha bolsa de emprego de mestras e mestres composteiros en prácticas con destino ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, que se rexerá polas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

As obrigas legais fixadas en diversos textos normativos de aproveitamento da fracción orgánica dos residuos municipais (FORM), están moi lonxe de poder cumprirse nas datas fixadas de manterse inmóbil a situación actual. O obxectivo de compostar, polo menos o 25% de FORM antes do ano 2020 non se poderá acadar se non se comezan a dar pasos firmes e decididos nesta dirección.

Neste sentido a Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos estratéxicos potenciar a área de Medio Ambiente a través do Revitaliza, cuxo obxectivo é impulsar o tratamento da FORM mediante a compostaxe nas súas variantes complementarias de plantas comarcais de compostaxe (PCC), composteiros individuais (COIN) e centros de compostaxe comunitarios (CCC).



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

En relación aos CCC, a Deputación xa ten instalados en 31 concellos da provincia un total de 95 con 695 unidades modulares de compostaxe (en adiante UMC), con capacidades unitarias para tratar a FORM producida por entre 60 e 300 persoas, que funcionan perfectamente e contan con todos os parabéns das veciñas e veciños que participan no proceso.

A compostaxe comunitaria dos residuos domésticos de orixe orgánica é un proceso sinxelo que permite xestionar este tipo de residuos nas zonas próximas ao seu punto de xeración. Ademais, ten unha vertente didáctica importante, posto que permite coñecer á cidadanía a necesidade de separar e compostar os restos orgánicos producidos nos domicilios e dar a coñecer a posibilidade do seu uso e o seu funcionamento. Ao mesmo tempo, fortalécense os vínculos comunitarios entre a veciñanza da zona, xa que todas e todos participan no proceso.

Para conseguir este obxectivo é importante contar co asesoramento e a guía das e dos mestres composteiros, figuras que teñen a función tanto de dar soporte técnico como de participar activamente nos traballos físicos xunto coas e cos veciños involucrados neste proceso de compostaxe comunitaria, resolvendo as dúbidas e os problemas que poidan xurdir durante as etapas do proceso.

De aí a motivación de elaborar unhas bases que regulen a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dunha bolsa de emprego de mestras e mestres composteiros en prácticas dentro do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, destinadas a persoas demandantes de emprego ou de mellora de emprego coa finalidade de completar a súa formación na área da xestión dos residuos orgánicos de orixe doméstica cara á súa incorporación ao mercado laboral como mestras e mestres composteiros.

As persoas que superen o proceso selectivo realizarán un curso teórico-práctico impartido por persoal especializado na materia e organizado pola Universidade de Vigo, cunha duración de 6 semanas (89 horas), e quen o supere pasará a formar parte, por orde de maior a menor puntuación obtida nese curso, dunha lista de agarda coa que se formará unha bolsa de emprego de mestras e mestres composteiros en prácticas con destino ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra, cos que se formalizará posteriormente, segundo as necesidades do servizo e no seu caso, un contrato en prácticas a tempo completo, sempre que na data na que se proceda á súa formalización as persoas candidatas reúnan os requisitos esixidos legalmente.

Ademais do exposto con anterioridade, a urxencia da celebración desta convocatoria ven motivada pola existencia dun Convenio de colaboración suscrito entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo (RP nº 2019004852) no que se fixan as datas de inicio do Curso de Formación de Maestría en Compostaxe do ano 2019 dentro do Plan Revitaliza, polo que a súa celebración non pode ser obxecto de demora.

A bolsa de emprego deberá ser aprobada por Resolución presidencial, que se publicará no taboleiro de anuncios da Deputación e en www.depo.gal para o coñecemento das persoas interesadas e para os demais efectos legais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QPKJHE13EVGWZAF



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Segunda. Condicións das persoas aspirantes

Tendo en conta que a bolsa de emprego ten como obxecto a formalización posterior dun contrato en prácticas de mestras e mestres composteiros, poderán participar neste proceso selectivo aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española
- b) Non estar incapacitadas fisicamente nin padecer unha enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto do contrato en prácticas
- c) Estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes ou en mellora de emprego
- d) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos de formación profesional de grao superior:
 - Técnica/o Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural
 - Técnica/o Superior en Paisaxismo e Medio Rural
 - Técnica/o Superior en Laboratorio de Análises e de Control de Calidade
 - Técnica/o Superior en Educación e Control Ambiental
 - Técnica/o Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos
 - Técnica/o Superior en Química Ambiental
- e) Que non transcorresen mais de cinco anos, ou sete no caso de persoas con discapacidade, desde a terminación dos estudos, tendo en conta que este requisito deberá cumprirse na data na que presente a solicitude e na que se proceda a formalización do correspondente contrato. En caso contrario, ao non ser posible a contratación por motivos legais, a persoa correspondente quedará eliminada da lista de agarda.
- f) Que non estivesen contratadas en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo igual ou superior a un ano (o que se comprobará a través da vida laboral das persoas candidatas) nos grupos de cotización asignados, grupo 3 para os ciclos superiores, tendo en conta que este requisito deberá cumprirse na data na que se presenta a solicitude e na data de formalización do correspondente contrato.
- g) Non gozar na actualidade doutro contrato de práctica laboral da Deputación de Pontevedra nin nos distintos centros ou servizos desta, nin en concellos ou empresas da provincia. Tomarase como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o día en que teña lugar a finalización do proceso de selección destes contratos.
- h) Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel CELGA IV ou superior.
- i) Estar dispostas a realizar polos seus propios medios os desprazamentos aos centros de destino de traballo, considerando o Pazo provincial como o centro de orixe.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Consideraranse como centros de destino basicamente os CCC implantados pola provincia de Pontevedra, tamén calquera punto da área veciñal cuberta polos CCC en cuestión, e os COIN nos domicilios, así como os lugares previstos para o depósito das podas e máis aqueles relacionados co proxecto que determinasen tanto a Deputación coma os concellos.

Terceira. Características dos contratos en prácticas

Segundo a regulación contida no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, todas as contratacións en prácticas que deriven desta convocatoria axustaranse ás seguintes regras:

1.—A duración dos contratos en prácticas que se formalicen ao abeiro desta convocatoria será de 1 ano desde a incorporación da persoa beneficiaria, prorrogable outro máis ata a duración máxima de 2 anos.

2.—Unha vez formalizado o contrato en prácticas establécese un período de proba de dous meses.

3.—A retribución das persoas traballadoras durante a duración do contrato en prácticas será: o primeiro ano do 60 % do salario fixado no convenio para unha ou un traballador da Deputación de Pontevedra dun grupo C1, nivel 20, que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo, e o 75 % no segundo ano, de acordo coa seguinte táboa:

Grupo	Nivel	Soldo	P. extra	C. convenio	Total/mes	CEA/mes	Total + CEA
C1	20	764,19	187,86	811,72	1.763,77	57,51	1.821,28 €/mes (brutos)
Contrato en prácticas 1.º ano 60 %							
C1	20	458,51	112,72	487,03	1.058,26	34,51	1.092,77 €/mes (brutos)
Contrato en prácticas 2.º ano 75 %							
C1	20	573,14	140,90	608,79	1.322,83	43,13	1.365,96 €/mes (brutos)

4.—Os gastos dos desprazamentos que se realicen por razón da actividade serán indemnizados conforme ao establecido regulamentariamente.

5.—O pagamento realizarase a partir da data de incorporación da persoa contratada en prácticas por mensualidades completas ou a parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada relacionada coa titulación requirida, calquera que sexa a súa natureza, e será obxecto das retencións e demais deducións legalmente establecidas.

6.—Á terminación do contrato a Deputación deberá expedirle á ou ao traballador un certificado no que consten a duración das prácticas, o posto de traballo ocupado e as principais tarefas realizadas.

7.—Ningunha traballadora ou traballador poderá estar contratado en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por un tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Cuarta. Solicitudes e prazo

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante o modelo oficial a través do formulario web. As solicitudes de participación nesta convocatoria deberán presentarse da seguinte forma:

- Cubrir o formulario oficial de solicitude e facer clic en “Enviar datos”
- Descargar e imprimir o xustificante xerado na web tras realizar o envío. Este xustificante incluírá un código único da solicitude
- Presentar o xustificante xerado durante o proceso de solicitude, así como a documentación establecida nas bases, dentro do prazo establecido, no Rexistro xeral da institución provincial

2. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro xeral do organismo provincial ou de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP); as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas pola funcionaria ou funcionario antes de seren certificadas. As solicitudes de participación deberán estar sempre seladas con independencia do órgano no que se presenten.

No caso de posuír algunha das formas de identificación electrónica admitidas, e presentarse a solicitude a través do Rexistro xeral electrónico, deberá realizarse a través de <https://sede.depo.gal/web/>

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO.

Quinta. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do documento nacional de identidade en vigor ou da tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes en caso de posuír a cidadanía comunitaria
- Documento acreditativo de posuír a titulación esixida para desempeñar o posto ao que se opta. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións esta deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas
- Documento acreditativo de posuír o CELGA IV
- Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego ou de mellora de emprego actualizada
- Declaración xurada de non ser beneficiaria ou beneficiario na actualidade doutro contrato en prácticas da Deputación no mesmo posto nos distintos centros ou servizos, nos concellos ou en empresas da provincia, de duración igual ou superior a un ano
- Declaración xurada de estar disposta ou disposto a realizar os desprazamentos polos medios propios desde o centro de orixe de traballo ata os centros de destino



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Sexta. Emendas

1. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a institución provincial ditará unha resolución na que se declare aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas e na que se especifiquen, no seu caso, os motivos de exclusión, que será publicada en www.depo.gal e no taboleiro de anuncios.

2. As persoas aspirantes excluídas ou omitidas disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución que as estime ou desestime e aprobe a lista definitiva, que será publicada no BOPPO, na páxina web e no taboleiro de anuncios da Deputación, con ao menos dous días hábiles de antelación á data de realización do tipo test e xunto coa composición da comisión de selección.

Sétima. Instrución do procedemento

O Servizo de Recursos Humanos e Formación será o competente para instruír o procedemento derivado desta convocatoria en todas as súas fases.

Oitava. Comisión de selección

Para a selección das persoas aspirantes constituirase unha comisión que estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta ou presidente: unha ou un xefe de servizo ou de centro do organismo provincial
- Vogais: tres funcionarias ou funcionarios de carreira da Deputación
- Secretaria ou secretario: a ou o da institución provincial ou a persoa funcionaria de carreira con titulación superior en quen delegue

Novena. Selección das persoas que formarán parte da bolsa de emprego

O proceso de selección desenvolverase en tres fases.

1) Primeira fase. Exercicio tipo test, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en responder por escrito un test de 50 preguntas con varias respostas alternativas relacionadas cos residuos orgánicos de orixe doméstica e coa organización e funcionamento de concellos e deputacións, consonte o seguinte programa:

- Tema 1. Conceptos básicos de bioloxía, química e bioquímica: conceptos de reacción e cálculos asociados (estequiométricos). Procesos encimáticos. Coñecementos sobre bacterias, fungos etc.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

- Tema 2. Coñecementos sobre conservación do medio: solo, auga e atmosfera. Relación MO-solo. MO-productividade. MO-desertización
- Tema 3. Efectos dos residuos: ámbito local e global. Efectos dos residuos segundo o tipo (sólido, líquido e gasoso). Importancia da fracción orgánica dos residuos municipais (FORM) sobre o fluxo residual global
- Tema 4. Conceptos básicos sobre tecnoloxías e tratamentos dos residuos, incluíndo:
 - Vertedoiros, tipos e tecnoloxías (alta e baixa densidade e outros)
 - Tratamentos termoquímicos: incineracións (tipos) e outros (gasificación, pirólise etc.)
 - Tratamentos bioquímicos: aerobios, anaerobios e outros
 - Tratamentos fisicoquímicos: para plásticos, vidro, papel e cartón e outros
- Tema 5. Conceptos da lexislación específica sobre residuos: ámbito local, autonómico, estatal e europeo
- Tema 6. A provincia: concepto e elementos. Competencias das provincias. O Plan provincial de cooperación. Os órganos de Goberno provincial: clases e atribucións
- Tema 7. O municipio: concepto e elementos. Competencias dos municipios. Servizos mínimos. O Goberno municipal: clases de órganos. O Pleno, a alcaldesa ou alcalde, as ou os tenentes de alcaldesa ou alcalde, a Xunta de Goberno, as comisións informativas
- Tema 8. A lei de protección de datos: principios e dereitos das persoas.
- Tema 9: A igualdade efectiva de mulleres e homes: principios e políticas públicas.

O exame tipo test terá unha duración máxima de 1 hora e un valor máximo de 100 puntos.

Neste exercicio o tribunal determinará a puntuación mínima que se require para superar a proba, en función da complexidade técnica das preguntas formuladas e/ou do número de persoas aspirantes presentadas.

A puntuación do test virá dada pola fórmula seguinte:

- $Pt = A - (EB / (n - 1))$
- Pt = puntuación resultante
- A = respostas correctas
- EB = respostas erróneas ou en branco
- n = número de opcións de resposta en cada pregunta

Na corrección do exercicio garantirase o anonimato, de forma que quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen a persoa asinante ou os que teñan marcas ou sinais que puidesen romper o anonimato. O mesmo sucederá cos que resulten ilexibles.

As puntuacións obtidas no test serán publicadas no taboleiro de anuncios da Deputación e na súa páxina web, e as persoas aspirantes terán un prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Resultas, dado o caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo convocarase as persoas aspirantes que superaron o test para a realización da entrevista persoal.

2) Segunda fase. Entrevista persoal, de carácter obrigatorio e non eliminatorio

Consistirá na realización dunha entrevista persoal coas candidatas e candidatos que acaden a puntuación mínima requirida na primeira fase.

A entrevista persoal versará sobre o seu currículo, obxectivos profesionais, dispoñibilidade etc., e permitirá comprobar a preparación das candidatas e candidatos.

Terá unha valoración máxima de 20 puntos.

A comisión seleccionadora convocará as persoas candidatas para a entrevista persoal nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito aquelas que non comparezan no lugar e o día sinalados.

O día despois de rematar as entrevistas persoais a comisión publicará no taboleiro de anuncios e en www.depo.es as puntuacións outorgadas.

Sumadas as puntuacións da primeira e da segunda fase, a comisión seleccionadora propondrá as 40 persoas aspirantes con maior puntuación para a realización do curso de formación de mestras e mestres composteiros.

3) Terceira fase. Curso de Formación de Mestra ou Mestre Composteiro, de carácter obrigatorio e eliminatorio, cunha duración de 6 semanas

Consistirá na superación das materias impartidas ao longo do propio curso, no cal todos os seus módulos serán avaliados polo profesorado correspondente e dos que se extraerá unha media ponderada como nota final.

Finalizado o curso, a comisión seleccionadora propondrá a formación dunha bolsa de emprego coas persoas aspirantes que superasen o curso e pola orde de puntuación, de maior a menor, obtida neste. Así mesmo, expediráselles un diploma acreditativo da realización do Curso de Formación de Mestra e Mestre Composteiro a todas as persoas aspirantes que o superen.

Décima. Funcionamento da bolsa de emprego

Cando sexa necesario proceder á formalización do ou dos contratos en prácticas, segundo as necesidades do Plan Revitaliza motivadas en informe emitido para o efecto, ofertaráselles ás persoas aspirantes conforme á orde obtida na bolsa de emprego, a través de teléfono móbil, fixo ou correo electrónico. Se se obtén comunicación directa coa persoa candidata esta deberá responder nun prazo máximo de 24 horas; se recibe a comunicación por correo electrónico deberá poñerse en contacto co servizo de Recursos Humanos e Formación no prazo máximo de 24 horas, contadas desde a súa recepción. Se non se recibe contestación a persoa candidata pasará ao último lugar da lista durante un ano.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

A formalización do ou dos contratos en prácticas farase nas condicións e nos termos establecidos na base terceira desta convocatoria.

Décimo primeira. Renuncias e exclusións

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha oferta de formalizar un contrato en prácticas dará lugar ás seguintes medidas:

- Primeira renuncia: seis meses de exclusión da lista de agarda
- Segunda renuncia: exclusión definitiva da lista de agarda

A renuncia non dará lugar á exclusión da lista nin temporal nin definitiva cando a persoa aspirante xustifique que se atopa en situación de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

A renuncia durante a vixencia do contrato dará lugar á exclusión definitiva da bolsa de contratación.

En todo caso, quedarán excluídas da bolsa as persoas que durante o tempo de vixencia non cumpran co requisito establecido legalmente para a formalización do contrato en prácticas de non ter transcorridos mais de cinco anos, ou sete no suposto de persoas con discapacidade, desde a terminación dos estudos ou que por outra circunstancia das mencionadas nos apartados anteriores.

As normas polas que se rexerá o funcionamento desta bolsa serán única e exclusivamente as que consten nestas bases.

Décimo segunda. Condicións xerais

1. As persoas coas que se formalice o contrato en prácticas comprometeranse a observar o horario e a dinámica de traballo da Administración onde se desenvolva a súa práctica laboral, co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, e non poderán exceder as 37,5 horas semanais de media.

2. O pagamento do importe do contrato en prácticas realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na Orde pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social vixentes.

3. En caso de producirse algunha baixa ao longo do primeiro ano e resultar vacantes, estas serán cubertas sucesivamente polas seguintes persoas clasificadas na bolsa de emprego.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Décimo terceira. Dereitos e obrigas da persoa contratada en prácticas

Dereitos:

- 1.—Ser informada sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación
- 2.—Recibir a información necesaria en materia de prevención de riscos laborais e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas
- 3.—Os previstos no I Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial
- 4.—Os previstos no resto da lexislación vixente que recolle esta modalidade contractual

Obrigas:

- 1.—Respectar en todo momento a normativa da entidade, seguir as instrucións que esta lle dea e cumprir o programa formativo
- 2.—Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento
- 3.—Observar e cumprir o horario das prácticas (daranse uns máximos permitidos de atrasos ao comezo do curso)
- 4.—Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade, a causa dos seus actos ou omisións
- 5.—Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou da persoa responsable das prácticas
- 6.—Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas
- 7.—Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre calquera información que poida chegar a coñecer en relación coa actividade que se vai desenvolver
- 8.—Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que organice a Deputación dentro da xornada laboral
- 9.—En caso de enfermidade ou accidente a persoa contratada en prácticas deberá comunicarlle a súa situación á institución provincial presentando o oportuno parte médico xustificativo

Décimo cuarta. Devolución da documentación

Transcorridos 6 meses desde o final do proceso selectivo a documentación presentada polas persoas aspirantes, excepto a instancia, será destruída, polo que se lles recomenda ás persoas interesadas que a retiren no referido prazo.



Venres, 5 de abril de 2019

Núm. 67

Décimo quinta. Comisión de seguimento

Para a supervisión e control das prácticas constituirase unha comisión de seguimento, coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

A comisión estará presidida por unha deputada ou deputado provincial ou a persoa en quen delegue e estará integrada por dous membros do persoal técnico da Deputación, a persoa asesora de residuos e unha persoa representante do Comité de Empresa.

A comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

- 1.—Garantir que as prácticas se correspondan cos compromisos asumidos
- 2.—Resolver os problemas que se susciten na súa execución
- 3.—Propoñer medidas en relación ás incidencias que xurdan durante a realización das prácticas

A comisión reunirse cando o considere necesario con calquera das partes e, como mínimo, antes de que finalice o período de duración das prácticas.

Décimo sexta. Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á Deputación Provincial de Pontevedra, á comisión seleccionadora e ás e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Décimo sétima. Publicidade

Para os efectos de notificación e publicación relacionados co proceso de selección recollido nestas bases reguladoras procederá mediante a publicación no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra, sen prexuízo da publicación complementaria en www.depo.gal

Décimo oitava. Final

As bases xerais da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións da comisión de selección poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo corresponda.

Así mesmo, a Administración poderá, dado o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na LPACAP.

Pontevedra, 2 de abril de 2019

O deputado delegado, O Secretario,

Carlos López Font Carlos Cuadrado Romay

